

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 27 DE MAIO DO 2021.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS	Interventor: BAO CASTRO PABLO
Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE RUIZ REIRIZ ANA ISABEL DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREIRA AGEITOS ELVIRA	Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: BARREIRO REGO ANA ISABEL

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Vinte e sete de Maio do Dous mil vinte e un, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTA DE SESIÓN CELEBRADA EN DATA 20/05/2021

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 20/05/2021.

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/247

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 19/05/2021 "Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do "PROXECTO PROXECTO DE INSTALACIÓNS, REMATE E URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA, REFORMULADO""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/305

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "BEIRARRÚAS NA AC-550 TRAMO GÁNDARA (OLEIROS)""

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/306

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "RENOVACIÓN DE SERVIZOS EN RÚA DO VILAR (PALMEIRA)""

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/308

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN GÁNDARA (ARTES)""

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/309

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN EN RÚA DAS AMÉRICAS (AGUIÑO)""

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/310

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN SEGO (ARTES)""

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/312

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A "RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA EN RÚA LUGO E RÚA ROSALÍA DE CASTRO"""



9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/313

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "RENOVACIÓN DA LIÑA DE ABASTECIMIENTO NA DP-7305 (CARREIRA)""

10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/314

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN DA PRAZA AMARELLA (RIBEIRA)""

11.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/315

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN EN RÚA FALCATO E TRAVESÍA (CORRUBEDO)""

12.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/316

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: Requerimiento para la justificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente bajas, presentadas en el expediente para la adjudicación del contrato para el "Suministro, instalación, operación y mantenimiento de una red inalámbrica Wifi en el marco del Proyecto WIFI4EU""

13.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/317

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A "RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA EN RÚA DE GALICIA""

14.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202105/318

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/05/2021 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO



PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA DE AXEITOS (OLEIROS)”

15.- COMUNICACIÓN DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (DACIÓN DE CONTA)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 18.05.2021:

6386 26.04.2021 BERTA RODRÍGUEZ BARCIA, instalación de ventanas y otras obras interiores, en rúa Cordieiro, 23, Ribeira.

6710 29.04.2021 MANUEL MOSCOSO VILLAVARDE, reparación y adecentamiento de cubierta, en rúa Garita, 4, Castiñeiras.

7178 06.05.2021 JOSÉ MANUEL QUEIRUGA AGEITOS, tratamento y rehabilitación de fachada, en rúa do Vilar, 12, Palmeira.

COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 20.05.2021:

6604 28.04.2021 ALEJANDRO VÁZQUEZ TORRES, cierre de finca y pavimentar, Campos, Carreira.

6634 28.04.2021 ERUNDINA JOSEFA LÓPEZ SERANTES, sustitución parcial de cubierta, en rúa Cubeliño, 16, Ribeira.

6392 26.04.2021 EVA MARÍA FERNÁNDEZ CALVIÑO, cierre en Celeirás, 26, Aguiño.

16.- LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN TRASPORTO - AGUIÑO. SUMINISTROS OUTEIRO, S.L.

LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA BAIXO CUBERTA NO LUGAR DE TRANSPORTE, AGUIÑO, RIBEIRA. PROMOTOR: SUMINISTROS OUTEIRO, S.L. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 140.000,00€

VISTA a solicitude de licencia urbanística presentada pola entidade **SUMINISTROS OUTEIRO S.L.** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA BAIXO CUBERTA NO LUGAR DE TRANSPORTE, AGUIÑO, RIBEIRA** Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A026005170000KO, achegándose Proxecto Básico de marzo de 2021 redactado polo Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº3.183).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico de data 18 de maio de 2021, do técnico de administración xeral de data 20 de maio de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 21 de maio de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A Xunta de Goberno Local, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **SUMINISTROS OUTEIRO S.L.** licencia urbanística (**Nº 12/21**) para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA BAIXO CUBERTA NO LUGAR DE TRANSPORTO, AGUIÑO, RIBEIRA** Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A026005170000KO, según Proxecto Básico de marzo de 2021 redactado polo Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº3.183).

-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.

-Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 21,00 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 68,61 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**

-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.**

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada



polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

17.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA. AMADOR AGEITOS REIRIZ

Visto o escrito presentado por Amador Ageitos Reiriz, de data 18/05/2021, no que solicita certificación de titularidade pública ou non de camiño situado en Outeiro (Artes).

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 13/05/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

O camiño consta co número 184 do Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno Municipal de data 26 de febreiro de 2018.

Ademáis, consta como camiño público en licenza de obra para unha vivenda unifamiliar construída sobre a parcela con referencia catastral número 15074A003003840000KX.

Según todo o anterior, existen notorios indicios sobre a titularidade pública do camiño a favor do Concello de Ribeira, sen prexuízo do que poida determinar a xurisdicción civil.



**18.- RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL -CRISTINA PIÑEIRO LÓPEZ-
EXPEDIENTE 2020 RESP000008**

RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a CRISTINA PIÑEIRO LÓPEZ, POR DANOS NO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD OCASIONADOS AO BATER CONTRA O MESMO UNS COLECTORES DO LIXO NA AVDA DAS CAROLINAS. EXPEDIENTE 2020 RESP000008.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a Cristina Piñeiro López** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 20 de xaneiro de 2020, D^a Cristina Piñeiro López, con DNI número 35478228-S, tiña o seu vehículo marca Renault Clio, con placas de matrícula 4491-GNG, estacionado á altura do número 25 da Avenida das Carolinas, cando, de súpeto, un colector do lixo desprazouse da súa ubicación, batendo contra o citado automóbil e ocasionándolle unha serie de danos.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 13/03/2020 co número 3.733, D^a Cristina Piñeiro López, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos no citado vehículo, que cuantifica na contía total de 833,74 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do permiso de circulación do vehículo; copia simple da inspección técnica do automóbil; copia simple do informe elaborado pola Policía local; copia simple de informe pericial elaborado polo perito D. Roberto M. Conde Santos; e copia simple da factura de reparación elaborada por “*Talleres Castro y Gómez S.L.*”, abonada pola reclamante por importe que ascende a 255,31 euros, correspondente cos danos que xa foron reparados.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido pola Policía Local e certificación da titularidade do vehículo emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-



Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-



En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Piñeiro López como titular do vehículo accidentado, e ao ter asumido o custe de reparación dos danos, como así consta no expediente administrativo. E fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sinistro.**

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Renault Clio, con placas de matrícula 4491-GNG. Así se deduce do informe pericial e das facturas de reparación dos danos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a entidade reclamante conecta os mesmos ao mal funcionamento do servizo de recollida de lixo.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia do sinistro acontecido, tal e como consta no seu informe emitido na data 26/11/2020: *"(...) Que siendo las 14:15 horas del día 20 de enero de 2020, fuimos requeridos a través de la Sala Operativa de la Policía Local, comunicándonos que se habían producido daños materiales en unos vehículos estacionados, causados por unos contenedores de recogida de residuos urbanos que volcaron sobre la calzada, desplazándose de su ubicación. Personados en el lugar momentos después, pudimos comprobar que a la altura del Nº 25 de Avda de Las Carolinas (casco urbano de Ribeira) dos contenedores se encontraban volcados y conocer que los vehículos implicados eran DOS, entre los cuales se encuentra el vehículo del reclamante matrícula 4491 GNG. Que el vehículo matrícula 4491GNG, presentaba daños en su parte anterior izquierda, afectando al faro delantero izquierdo por fractura de tulipa de cristal plástico, raspadura de la pintura en paragolpes delantero en su parte izquierda y abolladura de chapa en la puerta delantera izquierda. Que es parecer de los policías actuantes fundamentándose en las circunstancias concurrentes, inspección ocular realizada, restos y vestigios observados y daños en los vehículos; que los **daños apreciados en el vehículo 4491GNG fueron ocasionados por el choque de uno de los contenedores** de recogida de residuos urbanos, que como consecuencia de la acción del **fuerte viento reinante en la zona**, se movieron de su ubicación sobre la acera, impactando sobre **el vehículo que se encontraba perfectamente estacionado. Siendo la causa de que estos contenedores se desplazasen de su ubicación, el hecho de no disponer de un sistema de fijación o perímetro de protección.**"*

Cómpre mencionar que na fase de instrución do expediente, e en cumprimento do disposto no artigo 81.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, mediante oficio de data 02/02/2021 notificado na mesma data segundo consta no acuse de notificación telemática, solicitouse informe á entidade RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE S.A.U que na data do accidente era a entidade concesionaria da xestión do servizo público de limpeza pública urbana e recollida e



transporte de residuos sólidos urbanos, sen que se procedese a emitir o correspondente informe por parte da entidade concesionaria no prazo indicado.

En consecuencia, e en atención ao informe emitido pola Policía Local, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo con placas de matrícula 4491 GNG.

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público correspondente á recollida de residuos sólidos urbanos, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos antes referidos, xa que, aínda que o devandito servizo constitúe unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 b) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, constátase que o mantemento do servizo, na data do accidente, competía á entidade RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U., con NIF A28579258, como entidade concesionaria do mesmo.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (excluída a fracción do vidro) e xestión do punto limpo do Concello de Ribeira, asinado na data 31/07/2017 entre o Concello de Ribeira e a entidade RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U., dispón na súa cláusula décimo novena que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: “(...) *Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración*”.

En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.

A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.



Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración que, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de Cristina Piñeiro López, deuse audiencia á entidade concesionaria RECOLTE, mediante Decreto da Alcaldía de data 09/03/2021, que foi notificado na data 09/03/2021, segundo consta no acuse de notificación telemática, quen puido realizar as alegacións que tivo oportunas, polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade concesionaria, por desprenderse esta do actuado no expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.

Por todo o exposto, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 21/05/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Cristina Piñeiro López, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerllo o dereito a unha indemnización de 833,74 euros.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender ó pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade que na data do accidente era a concesionaria do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e xestión do punto limpo RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.AU., de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da prestación do citado servizo e en virtude da cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas particulares do citado contrato administrativo.

19.- RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL -MAPFRE COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.- EXPEDIENTE 2020 RESP000002

RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 0663 KHP OCASIONADOS POR MOR DAS LABORES DE DESBROCE QUE ESTABAN A REALIZAR OPERARIOS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2021 RESP000002.



Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 11 de novembro de 2020, o vehículo marca Peugeot 508 1.6 Blue HDI Active, con placas de matrícula 0663 KHP, cuxo titular é D. Francisco Rodrigo Fresco Triñanes, con DNI número 52935831, atopábase estacionado no lugar de Corrubedo, onde os operarios do servizo municipal de xardinería estaban realizando labores de mantemento, causando danos no citado vehículo por mor das tarefas que estaban executando.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 25/01/2021 co número 202100001190, a entidade aseguradora do vehículo, MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados que cuantifican na contía total de 719,19 euros, segundo factura de reparación emitida por "Autos Dunas S.L."

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: informe de valoración emitido na data 13/11/2020; imaxes do almacén Peritación Central; e factura emitida por "Autos Dunas S.L."

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido pola Policía Local na data 24/02/2021.
- Certificación da titularidade do vehículo emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico na data 26/02/2021.
- Informe emitido na data 25/02/2021 polo capataz do servizo municipal de xardinería.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que durante o mesmo conste a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os



particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **a entidade reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao ter asumido o custe de reparación dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: "El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del**



siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”

Por outra banda a **lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Peugeot 508 1.6 Blue HDI Active, con placas de matrícula 0663 KHP. Así se deduce da factura de reparación dos danos que achega a entidade reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a entidade reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira non tivo constancia dos feitos** polos que se reclama, como así o fai constar no seu informe emitido na data 24/02/2021.
- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 25/02/2021 afirma que non se constataron danos no citado vehículo por mor das súas labores, así como a imposibilidade de que así fora:** *“En relación al expediente de referencia, se confirma que el día 11/11/2020 los operarios del servicio de jardinería se encontraban haciendo labores de desbroce y limpieza en la parroquia de Corrubedo, en la carretera que va hacia el Faro, pero no pueden confirmarse los danos que el reclamante dice que se le han ocasionado al vehículo con matrícula 0663 KHP, pues ese mismo día, el propietario del vehículo se dirigió a los operarios diciéndoles que el coche había resultado dañado como consecuencia de las labores de desbroce, por lo que estos procedieron a inspeccionar el vehículo pudiendo comprobar que no tenía daño alguno que pudiese ser causado por las labores que estaban realizando. Por otra parte, examinadas las fotografías de los daños que se adjuntan por el reclamante con su escrito de reclamación, se indica que es imposible que esas rascaduras que presenta el coche hubieran sido como consecuencia de las labores de desbroce, ya que los daños que a veces se causan en la pintura de los vehículos son muy pequeños y tienen la forma de “puntitos”, por las pequeñas piedras o grava que a veces saltan de las máquinas desbrozadoras, y las rascaduras que presenta el coche tienen forma de “raya”, con lo cual es imposible que fueran provocadas por el servicio municipal.”*

Da análise das probas practicadas, extraemos a seguinte conclusión: **que non se ten suficientemente demostrado a existencia de nexo de causalidade**, pois non resulta probado que os danos no vehículo fosen consecuencia das labores dos operarios municipais. Bótase en falla o informe da Policía Local e no informe emitido polo responsable do servizo municipal deixase claro a non apreciación de danos no vehículo por mor da prestación do servizo e a imposibilidade de que os defectos que presenta o automóbil foran ocasionados polas tarefas de desbroce por mor das súas singulares características.

Por todo o exposto, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/05/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**



Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., polos motivos e fundamentos antes expostos.

20.- VAO PERMANENTE RUA 2 CUBELIÑOS, 17 (RIBEIRA). MILAGRO ESTHER PARADA CASAIS

Visto o escrito presentado por Milagros Esther Parada Casais, de data 18/05/2021 (Rexistro de entrada nº 7.874), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa 2 Cubeliños, nº 17 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 21/05/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Conceder a Milagros Esther Parada Casais autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa 2 Cubeliños, nº 17 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

21.- APROBACIÓN CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021 E GASTO DESTA CONVOCATORIA.

VISTA a proposta de resolución da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data na que solicita a aprobación da convocatoria de axudas para os beneficiarios do programa denominado **BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021**, así como a aprobación do gasto desta convocatoria co límite de 20.000,00 €.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 21/05/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Aprobar a convocatoria de axudas para os beneficiarios do programa denominado **BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021**
- Aprobar do gasto desta convocatoria co límite de 20.000,00 € (vinte mil euros)

22.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza estimatoria de data 03/03/2021, remitida polo **Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela**, pola que se estima o recurso contencioso-administrativo (P.A. 580/2019) interposto por Juan Manuel



Fungueiriño Trasbach, contra resolución da Alcaldía do Concello de Ribeira, de data 08/10/2019.

23.- SOLICITUDE PINTADO LIÑAS AMARELAS EN RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO. JOSE LUIS LOJO GONZÁLEZ

ACORDO RELATIVO A PINTADO LIÑAS AMARELAS EN RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO. JOSE LUIS LOJO GONZALEZ

Visto o escrito presentado por **José Luis Lojo González** no que solicita o pintado de liña amarela na rúa Álvaro Cunqueiro (Ribeira), á altura do nº 17.

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 24/05/17, no que sinala:

“En relación con el escrito arriba referenciado, consistente en la señalización horizontal del pintado de linea amarilla en la calle Alvaro Cunqueiro a la altura del nº 17. El oficial con número de placa 239019 INFORMA.

Que realizada inspección ocular en el lugar de los hechos, significar que el asunto que nos ocupa no es de trafico, más bien un conficto entre particulares al tratarse de un terreno de uso privado de servidumbre entre varios vecinos. El conflicto generado está en determinar quien tiene el derecho de usar el terreno para estacionar, si el primero que llega o el legítimo dueño en su caso.

Por ello la solución no está en la señalización horizontal con linea amarilla en terreno privado, acaso en determinar mediante la aportación de la pertinente documentación a quien corresponde el derecho de estacionamiento si diese lugar.”

En base ao anteriormente exposto, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Denegar a solicitude realizada por José Luis Lojo González de sinalización con liña amarela na rúa Álvaro Cunqueiro (Ribeira) á altura do nº 17, ao non ser competencia deste concello por tratarse dun terreo privado, según o sinalado no citado informe policial.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

